

FARO DE VIGO

“Vivimos nunha xeración dixital que corre o risco de perder a súa memoria”

“Hai un desexo de ter arelas e de vivir no mañá; eu quería facer un chamamento á realidade para disfrutala mesmo cando non está á altura do que desexamos”, defende

Mar Mato 8 de setembro de 2023

<https://www.farodevigo.es/sociedad/2023/09/08/vivimos-nunha-xeracion-dixital-corre-91831557.html>

[Carmen Villar Alonso](#) leva máis de 20 anos a nutrir a crónica deste país nas páxinas de [FARO DE VIGO](#). Nos últimos anos, saúda a cotío coa súa poesía en letra e foto no X (Twitter) e no Instagram. Dende esta semana, ademais, podemos ler en libro, no papel de tesouros, **o seu primeiro poemario, “Os mil e un días” (Xerais)**. A autora de conversa profunda lembra que leva escribindo versos dende moi noviña, nun novelo de tinta que chega ata hoxe: “De nena, vivía na lectura. Criáronme os avós e os libros no paraíso. Agora, vivo na escrita” para rematar sinalando que “a poesía téñoa de serie e o xornalismo tiven que aprendelo”. Son os seus versos de sentimento coa peneira da emoción.

–Que hai dentro do título “Os mil e un días”?

–Vén porque é un resumo, síntese, de experiencias vitais, un camiño de poesías e imaxes que percorrín durante tres anos. O proxecto de trasladar a papel o que só eran ceros e uns xurdiu avanzada a irrupción da pandemia e da conversa co profesor da UVigo Beni Fernández Salgado, quen me animou e foi tan ousado que me axudou a escolmar os poemas. Como sabes, **levo cinco anos cun proxecto na rede** no que dialogan poesía e imaxe como Carmen de Milmanda no que publico “unha peza” ao día e o libro é unha escolma desa viaxe. O resultado foron 111 poemas máis un adicional. Ademais, “As mil e unha noites” é unha das miñas bonecas rusas de contos favoritas.

–O libro ábrese con **empezamos/ a romper/ sen decatarnos**. Este é un poemario no que se mostra a fragilidade do ser humano. Dálle pudor revelarse?

–Os seres humanos somos seres que nos desgastamos e rompemos, queirámolo ou non. A cuestión é ata que punto somos quen de recompoñernos. Iso é o relevante. O pudor é unha palabra moi complexa para falar á lixeira dela. Un dos meus xeitos de estar no mundo é a escrita.

A poesía é unha concreción diso escrito e permítame ir máis alá do que fago normalmente. O de romper ten un vencello moi importante coa miña obsesión polo paso do tempo, pola entropía.

–Noutro poema sinala que hai algo de poético/ en practicar o pretérito. Por que é máis poético o pasado que o futuro?

–Temos a tendencia de idealizar o pasado moitas veces. Eu son unha melancólica habitual. **A maior parte do tempo exerzo de melancólica.** Falar das cousas que pasaron antes serve para falar de quen somos, de onde vimos e non perder de vista as orixes. O poema e o poemario están dedicados aos meus avós que foron fundamentais para construírme.

–Precisamente, no final do libro ofrece un código QR que nos leva a un poema audiovisual no YouTube “A Rosario coa que eu rezo”, destinado á súa avoa.

–**O libro vai adicado aos meus avós maternos**, que me criaron xunto aos libros no paraíso. Sempre digo que se as mulleres de mariñeiros son viúvas de vivos, os descendentes da emigración [Carmen naceu en Zürich mais foi criada polos seus avós na Galicia] somos orfas e orfos de vivos.

–Convida á reflexión cando sinala o de ser consciente da vida e aproveitar dela ata as espiñas.

–**Estamos feitos de moitos defectos e un deles é a tendencia a vivir no futuro.** Hai un desexo continuo de ter arelas e de vivir no mañá. Eu quería facer un chamamento á realidade para fixarse nela ou disfrutala mesmo cando non está á altura do que desexamos. É un luxo estar vivos. Unha das cousas fermosas da poesía é a atención cando se mira o mundo. Convido a todo o mundo a parar e mirar. Se o fas, decátaste de que as espiñas non son tan malas.

–Imaxino que ler e ulir os seus poemas no papel debe supor unha enorme felicidade.

–Os ceros e uns non arrecenden. Son prácticos e serven, pero non acoden aos sentidos. De feito, malia as vantaxes do mundo dixital, vivimos nunha xeración dixital que corre o risco de ver extinta a súa memoria. Ata os Nexus-6 de “Blade Runner” tiñan imaxes impresas, fotografías, para se construíren a si mesmos como seres libres e únicos.

–Que clase de poeta é vostede? Quer dicir, como é o traballo na hora da composición?

–Respecto e admiro a moitos autores e autoras contemporáneos, pero o meu é a poesía extensiva, máis cerca da recolección de herbas ventureiras, como facían as nosas devanceiras mulleres que dunha agricultura intensiva. [Susó de Toro](#) dime que eu fago “poesía ventureira, apañada nas beiras dos camiños”. Vale a metáfora no sentido de que son as fermosas flores que atopamos á beira de calquera río, de calquera camiño, flores sen pedigrí, sen caché, que só adquiren certa dimensión da súa valía cando nos volvemos a miralas, a prestarlles atención.